



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Decembro 2024 • Nº 295



OLLO!! Como é tradición, durante o mes de decembro chegará a cada casa de Vedra un **CALENDARIO MUNICIPAL**. Se rematado o ano non o recibes chama ao 981 814 612 e farémoscho chegar!!

Mensaxe de Nadal

A Corporación Municipal de Vedra desexa unhas moi felices festas a toda a veciñanza e que o que queda de 2024 sirva de pulo para un 2025 espectacular!!

*...se es de Vedra,
...se vives en Vedra,
...Empadrónate en Vedra!!*



DECEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA EN DECEMBRO SERÁ O MARTES 17

■ Con cita previa obrigatoria no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h). **IMPORTANTE:** Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

RECIBE TODA A INFORMACIÓN MUNICIPAL DE INTERESE CO SERVIZO POR WHATSSAP

■ Envía unha mensaxe coa palabra "ALTA" ao número 663 893 398. Así terás sempre de forma áxil e cómoda todas as novidades de interese.

SÚMATE a este servizo que xa supera as 500 persoas usuarias!! Xa nos achegamos ás 1000!!

SABÍAS QUE...

■ VEDRA CONTA CON CINCO DESFIBRILADORES?

Onde están?

- Na Casa do Concello.
- No Pavillón Municipal de Deportes.
- No local social da Asociación Unión e Progreso de San Xián de Sales.
- No Campo de Fútbol "Manuel Silva" do C.D. San Mamed.

• No Campo de Fútbol do Coto en Santa Cruz.

Como se usan?

Fórmate no seu uso chamando ao 981 814 691 e insíbete no curso que se realizará proximamente. Os desfibriladores **SALVAN VIDAS!!**

Debes coñecer a súa existencia e o seu manexo!!





Presentación da exposición de Jesús Manuel Oliveira O Cacho en Vedra.



Visita a Vedra dende Culleredo para ver a exposición de Manuel Jesús Oliveira e coñecer de paso o noso municipio.



Viaxe da terceira idade a Sevilla e Córdoba.



Sesión da Escola de Saúde sobre Coidado da Vista.



Visita do MUPEGA (Museo Pedagógico de Galicia) por Vedra.



Unha das xuntanzas do alcalde polas 12 parroquias.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Celebración do Magosto da Asociación O Burgo de Vedra.



Xornadas Micolóxicas "Cogomelar" da Asociación Amabul.



Pasabodeghiñas 2024 coa actuación Cantamos con Rosalía dentro do Programa Rede Cultural 2024 da Deputación da Coruña.



Pasabodeghas 2024 da Asociación Cultural San Campio.



Ruta Ghaiteira do Pasabodeghas 2024 da Asociación Cultural San Campio.



A Foliada do Espazo Activo da Ulla da Asociación Cultural San Campio.



Circuíto Galego de Teatro Amador en Vedra coa Asociación Papaventos.



Presentación do disco "Requinta Sempre" da Gaita de Sarandón.

De Interese

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES. Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría ou mal funcionamento dos farois led que iluminan o noso municipio, chama ao teléfono 699 304 702.



WIFI GRATUÍTO EN VEDRA!!

■ LEMBRA...

Podes acceder a un servizo de WIFI gratuíto en varios edificios públicos do Concello de Vedra. O único que tes que facer é achegarte a un deles e conectarte á rede "WiFi4EU". Ao conectarte por primeira vez serás guiado a unha páxina de inicio de sesión segura, que podes completar rexistrándote previamente ou a través dun autorexistro por SMS. Non se che volverá e pedir inicio de sesión ata pasadas 12 h.



Os puntos WiFi4EU onde te podes conectar son:

- A Casa do Concello.
- O Centro Socio Cultural de Vedra.
- O Centro de Emprendemento "A Estación" en Santa Cruz de Ribadulla.
- A Reitoral de Ponte Ulla.

PUNTO LIMPO

- Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso Servizo de Punto Limpo situado no lugar de Fornelos, Vedra.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

- Chama ao 981 814 612 e pide que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.



Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

CONTINUÁN AS XUNTANZAS CO ALCALDE POLAS 12 PARROQUIAS

- O alcalde reúnese coa veciñanza en cada unha das doce parroquias de Vedra, para tratar temas de

interese xeral e para dar respostas a todas as cuestións formuladas.

AXENDA PARA OS MESES DE DECEMBRO E XANEIRO:

DATA	LUGAR	HORARIO
Luns 2 de decembro	Multiusos de Trobe	Ás 20:30 horas
Xoves 12 de decembro	San Pedro de Sarandón	Ás 20:30 horas
Xoves 19 de decembro	Local Social de Ponte Ulla	Ás 20:30 horas
Luns 13 de xaneiro	Local Social de Merín	Ás 20:30 horas
Xoves 16 de xaneiro	Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón	Ás 20:30 horas
Xoves 23 de xaneiro	Multiusos de San Mamede	Ás 20:30 horas
Xoves 30 de xaneiro	Local Social de Vilanova	Ás 20:30 horas
Xoves 6 de febreiro	Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla	Ás 20:30 horas

Vedra... en Europa

winEU.RUR

■ Despois de dous anos de traballo no proxecto WinEU.rur que buscaba a protección das paisaxes agrícolas, prestando especial atención ao turismo sostible no ámbito do sector vitivinícola, por fin podemos presentar o foro virtual do proxecto que dá forma a un dos seus obxectivos, crear un espazo global de



comunicación entre a cidadanía dos 5 territorios participantes, onde compartir experiencias, boas prácticas e onde propoñer accións que poidan ser de interese para a protección do noso patrimonio natural, cultural e etnográfico.

Preme nesta ligazón para participar coa túa opinión na sección de "Best practices":
<https://wineurur.lulendava.si/>

#COUSA BOA ... ACCIÓN ASOCIATIVA

CURSO DE INICIACIÓN Á XESTIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA DE ASOCIACIÓNS

- **Data:** O xoves 12 de decembro de 20:00 a 22:00 horas.
- **Lugar:** Centro de Emprendemento da Estación de Tren

Impartido por Javier Leis (Asesor da Área de Asesoría Económica ao Terceiro Sector de Algalia)

Inscripcións e información no mail cultura@concellodevedra.gal ou no teléfono 981 814 695.

Curso de iniciación á xestión económica e financeira de asociacións

Data: xoves 12 de decembro de 2024

Hora: de 20:00 h. a 22:00 h.

Lugar: Centro de Emprendemento
A Estación

Intervén:
Javier Leis
Asesor da área de asesoría económica ao terceiro sector de
Algalia

Dirixido a: integrantes de asociacións,
aberto a todas as persoas interesadas na temática.

+ INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN: 981814695
cultura@concellodevedra.gal



Concello
de Vedra

Deporte

NOVA ETAPA DE SENDEIRISMO O SÁBADO 21 DE DECEMBRO DENDE A ESCRAVITUDE ATA SANTIAGO

■ Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 08:00 horas
- Parada en Lestedo ás 08:10 horas
- Parada no Breixo ás 08:15 horas
- Parada no Hipercor ás 08:25 horas
- Última parada diante da oficina do BNG (antiga estación de autobuses) ás 08:30 horas

Inscripcións e información antes do 15 de decembro no teléfono 981 814 691.



Medio Ambiente


PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA EN VEDRA

■ **SOLICITA O TEU COMPOSTEIRO...** No teléfono 981 814 612 ou escribindo ao enderezo electrónico residuoskmcero@concellodevedra.gal

CONSULTA AS TÚAS DÚBIDAS... no teléfono 623 932 143 en horario de tarde.

O obxectivo da campaña é chegar aos 2000 composteiros.





Nadal Municipal...

Decembro

Visita de Papa Noel aos centros escolares!

Domingo 1 de decembro

Mercadiño de Nadal

Nave da Estación de Santa Cruz de Ribadulla.

Domingo 15 de decembro

Festival de Corais de Nadal

Ás 18:00 horas no Centro Social de Vedra. Coas corais:

- Polifónica de Bugadillo
- Polifónica de Piloño
- Da Terceira Idade de Vedra

Venres 20 de decembro

Baile-Merenda de Nadal e Fin de Ano

Ás 19:00 horas no Centro Social da Terceira Idade.

Do 23 de decembro ao 7 de xaneiro

Ludonadal

De 08:30 a 14:30 horas.

Venres 27 de decembro

Espectáculo de Maxia con Cayetano Lledó

Ás 18:00 horas no Centro Social de Vedra. Ao rematar... Acto de entrega de premios do Concurso de Tarxetas de Nadal.

Domingo 5 de xaneiro

Visita dos Reis Magos

De 17:00 a 19:00 h. na Nave da Estación recibidos pola Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla con animación musical e moitas sorpresas máis!!!



Nadal Asociativo...

Domingo 15 de decembro

Xantar de Nadal da Asociación O Burgo (Vedra)

18 e 19 de decembro

Audicións en familia coa Escola de Música Santa Cruz Concello de Vedra

Ás 18:00 h. na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.



Concello
de Vedra



Venres 20 de decembro

Festa de Nadal da ANPA CEIP Ortigueira

A partir das 17:00 h. na Nave da Estación de Santa Cruz de Ribadulla.

Sábado 21 de decembro

Concerto de Nadal organizado pola Coral Polifónica de Santa Cruz

Ás 19:00 h. na Igrexa parroquial de Santa Cruz de Ribadulla.

Coas actuacións:

- Coral Polifónica La Salle (Santiago de Compostela)
- Coral Polifónica Agarimo de Torneiros (O Porriño)
- Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra)

Trofeo de Judo de Nadal Kumi Kata

Pavillón de Vedra.

Domingo 22 de decembro

Feira de Nadal coa Comisión de Festas de Ponte Ulla

A partir das 12:00 h. Coa actuación das pandeireiras "Luceiro", a visita de Papa Noel... e con xogos populares.

Festival de Nadal da Escola de Música Santa Cruz Concello de Vedra

Ás 17:30 h. na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

Luns 23 de decembro

Cantarelas de Nadal coa Asociación Cultural San Campio

Ás 19:00 h. xuntanza na Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.

Do 23 de decembro ao 7 de xaneiro

Escola Ambiental polo Nadal coa Asociación Amabul

Na Casa das Artes de Vedra (San Fins).

Sábado 28 de decembro

Concerto de Nadal da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla

Ás 20:00 h. na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

Domingo 29 de decembro

Festa Infantil e Familiar de Fin de Ano coa Asociación Cultural San Campio

Ás 18:00 h. na Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.

Venres 3 de xaneiro

Viaxe á neve a Manzaneda coa Asociación Cultural San Campio

Inscripcións por Whatsapp no teléfono 642 079 012.



ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE EN DECEMBRO...

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 11 de decembro

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 2 de decembro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse por rigorosa orde de inscrición).

■ Festival de Nadal de Corais

Domingo 15 de decembro ás 18:00 h.

Coa participación das corais:

- Coral Polifónica de Piloño
- Coral Polifónica de Bugallido
- Coral da Terceira Idade de Vedra

■ Bingo especial de Nadal

Xoves 19 de decembro ás 20:00 h.



Celebración do Magosto da 3ª Idade en Vedra.

■ Merenda de confraternidade de Nadal e Fin de Ano

Venres 20 de decembro ás 19:00 h.

Prezo: 15 € (é necesario retirar ticket antes do 18 de decembro)
Concurso Miss e Míster Elegancia, badaladas, baile...

Actuación musical de Martín Reimúndez.

OLLO!!
ABERTO O SERVIZO DE CAFETERÍA
NO CENTRO SOCIAL
DE LUNS A VENRES DE 17:00 A
21:00 H.

LUDETECA MUNICIPAL

■ HORARIO DE NADAL:

- De luns a venres de 08:30 a 14:30 horas (agás festivos).

Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar as vacacións de Nadal para traballar a educación en valores a través do xogo.

O xogo é unha oportunidade para desenvolver, afianzar, habilidades e reformular o sistema de valores individuais e da comunidade, por esta razón desenvolveremos diversas actividades que tratarán de incidir en aspectos como: a coeducación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a solidariedade, o respecto ás diferenzas...etc.

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiro de xogos tradicionais
- Obradoiro de adornos de Nadal
- Cartas aos Reis

- SuperChef, Roscón de Reis
- Gran festa despedida de ano

E moitas sorpresas máis!!!

Para calquera información poñerse en contacto no tf.699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal



Festa de Samaín na Ludoteca Municipal.



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello
de Vedra



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).



2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestimenta.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.

ASÍ FOI A CONMEMORACIÓN DO 25 EN VEDRA!!!

Campaña Punto Lila.

Atravesamos a Porta Violeta.



Sesión contacontos Nin un Biquiño á Forza na Ludoteca Municipal.



Acto Institucional polo 25N.

Obradoiro de Educación parental afectivo – sexual, impartido por Estefanía Otero e Miguel Piñán, especialistas en medicina familiar e comunitaria, saúde sexual e socioloxía clínica.



En novembro e todo o ano... Vedra en contra da violencia machista!!



Concello de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero

Iniciativas das Asociacións

CONCERTO CONXUNTO DA REQUINTA DA LAXEIRA E A ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

- **Data:** O sábado 14 de decembro de 2024.
- **Lugar:** AUDITORIO ABANCA (Santiago de Compostela).
- **Hora:** Ás 19:30 horas.

Un concerto gratuíto para o cal debes reservar a túa entrada con calquera das dúas entidades organizadoras.

Unha cita musical e cultural que non te debes perder!!





IX CARREIRA POR MONTAÑA A CAMELIA

■ O DOMINGO 9 DE FEBREIRO CO CLUB VÉRTICE

Saída e meta en Santa Cruz de Ribadulla (Vedra).

- **Máis información:** <https://clubvertice.es/a-camelia/>
- **Inscripcións:** <https://inscripciones.empa-t.com/inscripcion/ix-carreira-por-montana-a-camelia/>

O Club de Montaña Vértice presenta a novena edición da Carreira por Montaña A Camelia. Unha aventura por paraxes cheas de historia, lendas e patrimonio: o bosque de ribeira do Ulla, as fervenzas do Pontillón, os riscos de cuarzo nas beiras do lendario desfiladeiro do Gundián, os misterios do Pico Sacro e a súas vistas espectaculares, os xardíns históricos do Pazo de Ortigueira...

A proba conta con percorridos para todos os niveis:

- **Trail do Pico:** 33 km / +1700. Con zonas moi técnicas e a subida ao teito da proba, o icónico Pico Sacro.
- **Trail do Castro:** 22 km / +1050. Unha distancia esixente que concentra os puntos máis vertixinosos da Camelia.
- **Trail das Fervenzas:** 14 km / +530. Unha proba rápida pero que ten sorpresas técnicas e unha paisaxe espectacular.
- **Trail da Cruz do Couto:** 9 km / +280. Unha distancia adecuada para iniciarse no trail.

IX CARREIRA POR MONTAÑA A CAMELIA 2025

Vedra, 09 de febreiro 08:30h

Trail do Pico
33 km / +1700

Trail do Castro
22 km / +1050

Trail das Fervenzas
14 km / +530

Trail da Cruz do Couto
9 km / +280

Andaina: 12 km
Peque Trail

#AC25
Máis información e inscricións:
www.clubvertice.es/a-camelia

Colaboran:

Ulla Oil, Embarcacións, Bodega Lamas, +Suárez, Atlas, Artesana, ALMERIA, Fervenza, Café Bar, Vento Verde, etc.

- **Andaina:** 12 km. A oportunidade de gozar de paisaxes maravillosas na zona do Ulla: paseo das oliveiras, carballeiras, bosques de ribeira...
- **Peque Trail:** carreiras para peques, de 6 a 14 anos.

A inscrición xa está aberta!

XVIII CONCURSO DE CARTEIS PARA ANUNCIAR TEATROFILIA COA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Esta nova edición, que poñerá a imaxe de Teatrofilia, ponse en marcha.

Infórmate, consulta as súas bases e participa!!

O prazo de inscrición estará aberto ata o 3 de xaneiro de 2025.

O premio para o cartel gañador será de 300€.

XVIII Concurso de carteis para anunciar Teatrofilia





FESTAS PATRONAIS DE SANTA BAIA DE VEDRA

10 DECEMBRO
SANTA EULALIA

SESIÓN VERMÚ A CARGO DE
DÚO PUNTO ZERO
MISA ÁS 13.00 H
FUNCIONISTA: JESÚS FURELOS E NIEVES BEN

15 DECEMBRO
SANTA LUCÍA
SANTA BÁRBARA

SESIÓN VERMÚ A CARGO DE
DÚO PUNTO ZERO
MISA ÁS 13.00 H

FESTA FIN DE ANO COA COMISIÓN DE TROBE

Celebramos xuntos a chegada do novo ano, DJ para amenizar a festa, sorteos e moitas sorpresas ¡Esperámoste!

Multiusos de Trobe (Vedra)
Xaneiro, 1 1:30 a.m.

Donativo: 10€
(Inclúe 1 consumición)

Puntos de venta (ata o 28 de decembro):
O Fogar do avó (San Félix de Sales) - O Cruce (Pontevea)
O Vikingo (Lestedo) - A Colmena (Pontevea)
A Taberna do Ferrador (San Miguel de Sarandón)



Parabéns

A BELÉN ESTÉVEZ BARROS

■ Por converterse na campioa do mundo de maquillaxe Semipermanente. Esta veciña de Vilanova conseguiu o galardón outorgado entre participantes de máis de 70 países. Este recoñecemento chégalle no inicio dunha carreira profesional que auguramos chea de éxitos. **Felicidades Belén.**



Á GANDEIRÍA TALLÓN LOBATO

■ Polo seu galardón nos VIII Premios á excelencia hixiénico- sanitaria das explotacións leiteiras de leite crúa de vaca en Galicia "Exceleite 2024".

Esta familia da parroquia de Vilanova non deixa de obter premios.



Á GAITA DE SARANDÓN

■ Pola súa homenaxe a "Marcelino" e a "Pepe" e á propia agrupación, polos seus 22 anos de historia.

Unha despedida en forma de traballo discográfico "Requinta Sempre" que é un exemplo de posta en valor da nosa música e a nosa cultura.

Sumámonos ás súas palabras...

Viva a Ulla!!! Viva a requinta!!! Vivan Pepe de Nande e Marcelino de Muiñeiro!!! Requinta sempre!!!



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS